



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de febreiro de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

REGORAFENIB

Para o tratamento en monoterapia de pacientes adultos con tumores do estroma gastrointestinal (gastrointestinal stromal tumors, GIST) irresecables ou metastásicos que progresaron durante o tratamento previo con imatinib e sunitinib ou son intolerantes ó mesmo, e que cumpran os seguintes criterios:

- 1.- ECOG 0-1
- 2.- Ausencia de comorbilidades que desaconsellen o uso
- 3.- Boa adherencia ó tratamento
- 4.- Ausencia de metástases cerebrais clinicamente activas

Outras consideracións:

- Administrarase ata progresión ou toxicidade inaceptable.
- Regorafenib podería considerarse tratamento de elección en aqueles pacientes que progresen ó tratamento previo con imatinib e sunitinib ou non os toleren e que presenten un bo estado xeral.

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

Xerentes da Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde